

GALICIA HISTÓRICA

Folla de historia e documentos composteláns

Ano 11. Nº 113, Agosto, 2026

A ECLIPSE SOLAR DO 12 DE XULLO DE 1684

En Galicia imos asistir nunhas semanas a un acontecemento astronómico de primeira magnitude a escala planetaria: a eclipse solar do 12 de agosto do 2026. Levamos meses escoitando e lendo na prensa noticias relativas ao devandito eclipse: as precaucións que debemos ter á hora de velo (sempre con gafas especiais); o cheo nas reservas hoteleiras na “franja de escuridade total”; as advertencias á hora de coller o coche ese día...

As eclipses sempre fascinaron á humanidade, interpretándoas como unha danza dos deuses ou batallas cósmicas pero tamén asociábanse en moitas ocasións a malos augurios que ían acontecer. Se hoxe en día continúa a impresionar unha eclipse, temos que poñernos na pel dunha campesiña da idade media ou dun agricultor persa do século III a.c. para comprender o terror que podía xerar nunha gran parte da poboación un fenómeno como ese: que o día se transforme en noite provocaba medo e a confirmación de que a fin do mundo ía chegar.

Os rexistros máis antigos de eclipses solares proveñen de táboas mesopotámicas, textos bíblicos así como documentos chineses, pero tamén foron grandes observadores destes fenómenos os exipcios, os gregos e posteriormente os maias e os aztecas. No século XIII baixo o reinado do rei Afonso X o Sabio realizáronse as táboas afonsinas entre os anos 1263 e 1272: eran unhas táboas astronómicas que recollían o movemento dos corpos celestes e que mantivéronse vixentes ata o século XVI.

Fai trescentos corenta e dous anos, concretamente o 12 de xullo do ano 1684 o cabido da catedral de Santiago de Compostela reúnese para tratar un único punto:

“Que se aga procesion y descubra el santísimo sacramento en la yglesia a causa de la tenpestad que amenaza el eclipse”¹


Este resumo do que desenrolarían nesa acta xa é aclaratorio porque reflicte moi ben ese medo, ese pánico ao que podía provocar a eclipse. Pero, ¿cómo sabía o cabido que xusto nese día ía haber unha eclipse? Durante o Renacemento o interese pola astronomía e a astroloxía aumentou grazas sobre todo á chegada da imprenta: o enorme desenrolo da cartografía, da xeografía e da navegación astronómica, déronlle a esas disciplinas unha gran relevancia social. Na segunda metade do século XVI baixo o reinado de Filipe II fomentáronse os estudos astronómicos relacionados coa cosmografía. A

investigadora Tayra Lanuza² rexistrou para o século XVII un total de case mil douscentos impresos relacionados coas ciencias físico-matemáticas, sendo catrocentos deles impresos astrolóxicos.

Don Pedro Barrada de Oliveros y Vela foi un “astrólogo y matemático del Reyno de Aragón” que escribiu nese mesmo ano de 1684 o libro: “Discurso astrologico, sobre el eclipse de sol que sucedera el día miércoles 12 de Julio del año de 1684 à las 2 y 37 minutos despues de medio día calculado al meridiano y elevacion del polo septentrional del Reyno de Aragon”. So se conserva un exemplar do mesmo na Biblioteca Nacional pero aínda está sen dixitalizar.

A NASA dispón dunha páxina onde se rexistran todas as eclipses (totais, anulares e híbridas) acaecidas dende o ano 1999 a.c e ata a actualidade, incluíndo as que sucederán ata o ano 3000.

Total and Annular Solar Eclipse Paths: 1681–1700



Grazas a este mapa pódese apreciar claramente onde incidíu ao 100% a eclipse do 12 de xullo de 1684 no seu paso pola península: o Algarve portugués, Huelva e Cádiz. A eclipse foi parcial no reino de Aragón e na cidade de Santiago de Compostela. Sobre esa hora calculada por don Pedro Barrada de Oliveros, en torno ás dúas e media, a lúa cubrirla unha franxa do sol e por iso o cabido reunido ese mesmo día na “sacristía vaxa de la santa Apostolica yglesia del señor Santiago” acorda o seguinte:

En este día despues de acauada la misa conbentual, se aga procesion por esta santa yglesia y claustrs della y se diga otra misa solene, y este patente el santísimo sacramento asta la tarde despues de acabado visperas con la solenidad que se rrequiere a causa de la tenpestad que se ynfiere amenaza el eclipse deste día rogando a su diuina magestad por el

¹ ABCS. Actas Capitulares. IG 0631 (libro 39), fol. 314r-314v


² Herrán, N., Simón, J.; Guillén, J.; Lanuza, T.; J.; Ruiz, P.; Navarro, J. (Eds) Synergia: Jóvenes Investigadores en Historia de la Ciencia. CSIC. Servicio de Publicaciones, 2007, pp. 303-323

estado de la santa madre iglesia exsalcacion de la santa fee catolica, estirpacion de las eregias, conbersion de los ynfieles, conserbacion de los frutos y que su diuina magestad se sirva tener misericordia de todo fiel cristiano y acordarse de las necesidades comunes y ansi lo acordaron y firmo el señor Dean.

Esa “tenpestad” anunciada considerábase que podría traer consigo un periodo de malas colleitas así como mortes de animais, por iso decidese realizar a procesión solemne pola igrexa e claustro da catedral para evitar que eses presaxios funestos se transformasen en verdadeiros. Tamén pídesse a salvagarda da igrexa, así como a expurgación das herexias e a conversión dos infieis.

Nese mesmo ano de 1684 o catedrático de matemáticas da Universidade de Valencia frei Leonardo Ferrer³ achaca a natureza “mortifera” da eclipse solar porque sucede baixo o dominio do signo de Cáncer e a influencia nefasta do planeta Saturno, pero eses malos influxos planetarios podían neutralizarse grazas ás oracións ou ás intercesións dos santos tal e como afirma o doutor Cristóbal López⁴ no seu prognostico sobre a eclipse do 12 de xullo de 1684.

No ano 2026 non temos que temer nada diso. O que nos queda é gozar deste acontecemento tan espectacular, iso si, se o tempo é propicio, que xa sabemos cómo pode ser o Nordés por estas latitudes ou certas nubes eternas que adoitamos ter por estes lares.




Jorge García García



Síguenos en Facebook:

<https://www.facebook.com/ArchivoCatedralSC>



³ Ferrer, L. Pronosticación astrológica sobre el más formidable eclipse, que padecerá el planeta dorado en nuestro emisferio sobre nuestro horizonte a los 12 de julio del presente año 1684. Valencia, 1684.

⁴ López, C. Discurso iudiciario astrológico sobre los futuros efectos que ocasionó el eclipse de sol, que sucedió a 12 de julio deste año de 1684. Sevilla, 1684.